

dinación da planificación xeral da actividade económica e bases de réxime enerxético.

**Disposición derradeira segunda.** *Facultade de desenvolvemento.*

Habilítase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o disposto no presente real decreto lei. En calquera caso, deberá desenvolver no prazo de seis meses desde a publicación deste real decreto lei o réxime retributivo das instalacións de réxime especial para a aplicación do disposto nos puntos un a doce do artigo 1.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», agás o disposto nos puntos un a doce e dezasete do artigo 1, que entrarán en vigor cando se produza a revisión do réxime retributivo das instalacións de réxime especial de conformidade co establecido na disposición derradeira segunda deste real decreto lei.

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**11286** *REAL DECRETO 74/2006, do 23 de xuño, polo que se modifica o Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo. («BOE» 150, do 24-6-2006.)*

A Lei 22/2005, do 18 de novembro, pola que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas comunitarias en materia de fiscalidade de produtos enerxéticos e electricidade e do réxime fiscal común aplicable ás sociedades matrices e filiais de estados membros diferentes, e se regula o réxime fiscal das achegas transfronteirizas a fondos de pensións no ámbito da Unión Europea, introduciu modificacións na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, que demandan pola súa vez a adaptación dos correspondentes preceptos do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

Así, entre as adaptacións do regulamento derivadas das modificacións introducidas na Lei 38/1992 destacan a introdución dun título III relativo ao novo imposto especial sobre o carbón, a extensión aos biocombustibles das normas ata agora soamente dedicadas aos biocarburantes e o establecemento das previsións necesarias respecto do gas natural como produto comprendido na tarifa primeira do imposto pero que non queda sometido a todas as formalidades ordinarias propias da devandita condición. Así mesmo, a unificación na epígrafe 1.6 do tipo impositivo aplicable ao gas licuado de petróleo utilizado como carburante obriga a suprimir o procedemento establecido para a aplicación dos tipos

diferenciados que se establecían na devandita epígrafe e na desaparecida epígrafe 1.7. Non obstante, introdúcese un procedemento similar para a aplicación diferenciada das novas epígrafes 1.9 e 1.10.

Por outra parte, en atención á experiencia adquirida e ás novas realidades no desenvolvemento das actividades industriais e comerciais relacionadas cos bens obxecto dos impostos especiais, modifícanse igualmente outros preceptos do Regulamento dos impostos especiais. Entre estas modificacións cabe destacar: as relativas ás redes de oleodutos e gasodutos como depósitos fiscais e ao control dos produtos que circulan por elas; a fixación de condicións especiais para a autorización de depósitos fiscais cuxa actividade se limita exclusivamente a produtos da tarifa 2.<sup>a</sup> do imposto sobre hidrocarburos; a extensión a todos os biocarburantes e biocombustibles do sistema de aplicación do tipo impositivo que ata agora só estaba establecido para o ETBE; a autorización para, baixo certas condicións, mesturar biocarburantes fóra de réxime suspensivo; o establecemento de porcentaxes regulamentarias de perdas en relación cos biocarburantes; o establecemento dun coeficiente corrector que impide a dobre contabilización da gasolina e biocarburantes que, tras a súa recuperación en forma de vapor, é reintroducida en fábricas e depósitos fiscais; a acreditación polos particulares do pagamento do imposto exclusivamente a través da precinta de circulación cando se trate de produtos que incorporan tal documento; a non existencia de marcas fiscais respecto de bebidas derivadas de moi baixa graduación presentadas en envases de reducida capacidade; a vinculación da periodicidade na realización de recontos de existencias ao período de liquidación que corresponda ao suxeito pasivo e non ao trimestre, como ocorría ata a data, entre outros.

Na tramitación deste real decreto emitiron informes os seguintes órganos, institucións e entidades: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio do Interior; Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Cultura; Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación; Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio; Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Administracións Públicas; Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Sanidade e Consumo; Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Xustiza; Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Defensa; Axencia Estatal de Administración Tributaria; Abengoa S.A.; Asociación Española de Operadores de Productos Petrolíferos; Compañía Logística de Hidrocarburos S.A.; Repsol-YPF S.A.; Asociación de Destiladores y Rectificadores de Alcoholes y Aguardientes Vínicos; Federación Española de Bebidas Espirituosas; Asociación General de Fabricantes de Alcohol de Melazas; Confederación Española de Organizaciones Empresariales; Asociación Española de Terminales Receptoras de Graneles Químicos, Líquidos y Gases; Asociación Gallega de Distribuidores de Gasóleo; Confederación de Distribuidores de Gasóleo; Asociación de Produtores de Energías Renovables; Asociación Española del Gas; Confederación de Cooperativas Agrarias de España; Asociación de Distribuidores de Alcohol.

Ademais a Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Economía e Facenda emitiu o informe preceptivo previsto no artigo 24.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xuño de 2006,

## DISPÓN O:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento dos impostos especiais.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo:

Un. Modifícanse os parágrafos 2.a), 2.g) e 3.b) do artigo 11 e introdúcese un novo parágrafo 2.h), que quedan redactados da seguinte maneira:

«2.a) O volume trimestral medio de saídas durante un ano natural deberá superar as contías seguintes:

1.º Alcohol: 400.000 litros de alcohol puro. En Canarias e Baleares este límite será de 100.000 litros de alcohol puro.

2.º Bebidas derivadas: 25.000 litros de alcohol puro.

3.º Extractos e concentrados alcohólicos exclusivamente: 3.500 litros de alcohol puro.

4.º Produtos intermedios: 150.000 litros.

5.º Viño e bebidas fermentadas: 150.000 litros.

6.º Cervexa: 150.000 litros.

7.º Bebidas alcohólicas conxuntamente: a cantidade equivalente a 30.000 litros de alcohol puro.

8.º Hidrocarburos: 2.500.000 quilogramos.

9.º Elaborados do tabaco: a cantidade cuxo valor, calculado segundo o seu prezo máximo de venda ao público, sexa de 2.404.048 euros.

10.º Malia o establecido nos números anteriores desta alínea a), non será exixible o cumprimento dun volume mínimo de saídas en relación coa autorización dos depósitos fiscais:

1'. Depósitos fiscais que se autoricen exclusivamente para efectuar operacións de subministración de bebidas alcohólicas e de elaborados de tabaco destinados ao consumo ou venda a bordo de buques e aeronaves.

2'. Depósitos fiscais de bebidas alcohólicas e de labores do tabaco situados en portos ou aeroportos e que funcionen exclusivamente como establecementos retalistas, sempre que teñan recoñecido o estatuto aduaneiro de depósitos aduaneiros ou depósitos francos.

3'. Depósitos fiscais situados en instalacións aeroportuarias públicas que se dediquen unicamente á distribución de querosenos e gasolinas de aviación.

4'. Depósitos fiscais que se dediquen exclusivamente á distribución dos aceites e graxas e do alcohol metílico (metanol) a que se refiren os artigos 50 bis e 51.3 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

5'. Depósitos fiscais que se dediquen exclusivamente á distribución de produtos comprendidos na tarifa 2.ª do imposto sobre hidrocarburos.

2.g) Os depósitos fiscais de hidrocarburos que desenvolvan a súa actividade en relación cos produtos petrolíferos a que afecta a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, só poderán ser autorizados aqueles que, conforme o establecido nos preceptos que se indican da devandita lei, reúnan algunha das seguintes condicións:

1.º Sexan titulares dunha autorización administrativa para instalacións de transporte ou par-

ques de almacenamento consonte o disposto no artigo 40.2.

2.º Teñan a condición de operador por xunto consonte o disposto nos artigos 42 e 45.

3.º Exerzan, desde instalacións autorizadas para este fin, a actividade de distribuidor polo miúdo de produtos petrolíferos, consonte o disposto nos artigos 43, 46 e 47.

2.h) Poderá ser autorizada como depósito fiscal de gas natural calquera das instalacións que comprenden o sistema gasista tal e como este se describe no artigo 59 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. Poderanse autorizar como un único depósito fiscal varias das referidas instalacións sempre que o seu titular sexa a mesma persoa e exista un control centralizado destas.

A autorización das referidas instalacións como depósitos fiscais requirirá, ademais do cumprimento dos requisitos xerais que sexan aplicables, que o solicitante se atope en posesión da autorización administrativa que proceda, segundo o caso, das recollidas nos artigos 67 e 73 da citada Lei 34/1998.

3.b) Plano a escala do recinto do establecemento, con indicación do número e capacidade dos depósitos. Nas solicitudes que se refiran a redes de oleodutos ou de gasodutos, o plano da rede de tubaxes e da localización e clase dos elementos de bombeo, así como a indicación dos devanditos elementos, dos utilizados para efectuar as medicións do fluxo dos produtos e, se é o caso, dos medios de almacenamento, que integran a rede»

Dous. Engádese un novo parágrafo ao punto 2 do artigo 13, coa seguinte redacción:

«Poderá ser autorizada como almacén fiscal de gas natural calquera das instalacións que comprenden o sistema gasista tal e como este se describe no artigo 59 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. Poderanse autorizar como un único almacén fiscal varias das referidas instalacións sempre que o seu titular sexa a mesma persoa e exista un control centralizado destas.»

Tres. Modifícase o punto 5 do artigo 15, que queda redactado da seguinte maneira:

«5. Cando ao efectuar o peche contable correspondente ao período de liquidación non se consignase expresamente a existencia de perdas, considerarase que non as houbo.»

Catro. Modifícase o parágrafo b.1.º) do punto 3 do artigo 19, que queda redactado da seguinte maneira:

«1.º Non excedan as cantidades que figuran no artigo 15.9 da lei se se trata de bebidas alcohólicas ou de tabaco. Non obstante, cando excedan as devanditas cantidades e se trate de bebidas derivadas ou de cigarros, o único documento de circulación exixible será a correspondente marca fiscal de que deberán ir provistos.»

Cinco. Engádese un novo parágrafo ao punto 1 do artigo 26, que queda redactado da seguinte maneira:

«Non obstante, non precisarán ir provistos de precinta ou marca fiscal os envases de capacidade non superior a 0,5 litros que conteñan bebidas derivadas cuxa graduación non exceda o 6 por 100 vol.»

Seis. Modifícase o punto 6 do artigo 39, que queda redactado da seguinte maneira:

«6. Malia o establecido no punto anterior, o pagamento do imposto, polo que se refire aos cigarros e as bebidas derivadas, acreditarase:

a) Mediante as marcas fiscais establecidas no artigo 26, cando a cantidade posuída ou en circulación non exceda 800 cigarros ou 10 litros de bebidas derivadas ou, en todo caso, cando os cigarros ou bebidas derivadas se encontren en poder de particulares que os adquirisen no ámbito territorial interno para o seu propio consumo. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos regulados recollidos no artigo 26.9.c), caso en que o pagamento do imposto se acreditará mediante o talón de débito por declaración verbal.

b) Mediante as marcas a que se refire a alínea a) e os documentos que acrediten que os produtos se encontran nalgunha das situacións mencionadas no punto 1 deste artigo, nos demais casos.»

Sete. Modifícanse o punto 1, a alínea d) do punto 2 e o punto 8 do artigo 40, que quedan redactados da seguinte maneira:

«1. Os titulares de fábricas, depósitos fiscais e almacéns fiscais, os operadores rexistrados respecto dos correspondentes depósitos de recepción, aqueles retallistas, usuarios e consumidores finais que se determinan neste regulamento e as empresas que realicen vendas a distancia, estarán obrigados, en relación cos produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación, a inscribirse no rexistro territorial da oficina xestora en cuxa demarcación se instale o correspondente establecemento. Cando o establecemento se estenda polo ámbito territorial de máis dunha oficina xestora, a inscrición deberase efectuar na oficina xestora en cuxo ámbito territorial estea situado o centro de xestión e control do devandito establecemento.

2.d) No caso de actividades relativas a produtos comprendidos nos ámbitos obxectivos dos impostos sobre hidrocarburos, sobre labores do tabaco e sobre a electricidade será necesario achegar a documentación acreditativa das autorizacións que, se é o caso, teñan que se outorgar por aplicación do disposto nas leis 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, e 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

8. Sen prexuízo das autorizacións que corresponda outorgar a outros órganos administrativos, unha vez efectuada a inscrición, a oficina xestora entregarálle ao interesado unha tarxeta acreditativa da inscrición no rexistro suxeita a modelo aprobado polo centro xestor, en que constará o código de actividade e do establecemento (CAE) que o titular deberá facer constar en todos os documentos exixidos neste regulamento en relación cos impostos especiais de fabricación.»

Oito. Modifícase a alínea a) do punto 2 do artigo 42, que queda redactado da seguinte maneira:

«a) O titular deberao poñer en coñecemento da oficina xestora. Os servizos de intervención procederán ao peche dos libros regulamentarios, á retirada, se é o caso, dos documentos de circulación sen utilizar e demais de control regula-

mentario que se deban deixar sen efecto, así como ao precintado provisional das existencias de primeiras materias e dos aparellos, que quedarán sometidos á intervención da Administración, salvo que se destrúan ou inutilicen baixo o seu control. De todo iso levantarase a correspondente dilixencia que se remitirá á oficina xestora, cun informe sobre a existencia de produtos fabricados obxecto do imposto e débitos pendentes de liquidación ou ingreso no Tesouro, para efecto da realización ou devolución, se é o caso, da garantía prestada.»

Nove. Modifícanse a alínea c) do punto 3, a alínea c) do punto 4 e a alínea c) do punto 7, do artigo 43, que, na orde indicada, quedan redactadas da seguinte maneira:

«3.c) Importe mínimo por cada depósito fiscal:

1.º Depósitos fiscais de hidrocarburos: 450.760 euros.

2.º Depósitos fiscais de extractos e concentrados alcohólicos exclusivamente e depósitos fiscais que se dediquen exclusivamente á distribución de produtos comprendidos na tarifa 2.ª do imposto sobre hidrocarburos acondicionados para a súa venda polo miúdo en envases de capacidade non superior a 15 litros: 6.010 euros.

3.º Demais depósitos fiscais: 60.100 euros.

4.º Os importes mínimos indicados non serán exixibles cando o depósito se dedique ao almacenamento exclusivo de viño, de gas natural ou dos aceites e graxas e do alcohol metílico (metanol) a que se refiren os artigos 50 bis e 51.3 da lei.

4.c) Importe mínimo: 30.050 euros. Este importe mínimo non será exixible cando o almacén se dedique ao almacenamento exclusivo de viño, de gas natural ou dos aceites e graxas e do alcohol metílico (metanol) a que se refiren os artigos 50 bis e 51.3 da lei.

7.c) Importe mínimo: 30.050 euros, salvo no caso de operadores rexistrados que reciban exclusivamente extractos e concentrados alcohólicos que se reducirá a 3.005 euros. O importe mínimo non será exixible cando o depósito de recepción se dedique ao almacenamento exclusivo de viño, de gas natural ou dos aceites e graxas e do alcohol metílico (metanol) a que se refiren os artigos 50 bis e 51.3 da lei.»

Dez. Modifícase o punto 1 do artigo 44, que queda redactado da seguinte maneira:

«1.a) Agás nos casos de importación, os suxeitos pasivos dos impostos especiais de fabricación están obrigados a presentar unha declaración-liquidación comprensiva das cotas devengadas dentro dos prazos que se indican no punto 3, así como a efectuar, simultaneamente, o pagamento das cotas líquidas.

b) Non será necesaria a presentación de declaracións-liquidacións cando non houbese existencias ou movemento de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación no período de liquidación de que se trate.

c) Emporiso, cando ao longo dun período de liquidación resulten aplicables tipos de gravame diferentes por teren sido estes modificados, os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar unha declaración-liquidación, con ingreso das cotas correspondentes, por cada período de tempo

en que fosen aplicados cada un dos tipos de gravame.»

Once. Modifícanse os puntos 3 e 8 do artigo 50, e engádese un novo punto 9 ao devandito artigo, quedando redactados da seguinte maneira:

«3. Malia o disposto no punto 1, a oficina xestora poderá autorizar a substitución do control mediante libros, por un sistema informático, sempre que o programa cubra as exixencias e necesidades regulamentarias. As follas correspondentes a cada período de liquidación, unha vez encaderadas, deberán ser foliadas e seladas pola oficina xestora á cal se deben presentar dentro do mes seguinte á finalización do devandito período. Cando se trate de varios establecementos dos cales é titular unha mesma persoa, esta poderalle dirixir a súa solicitude ao centro xestor para que este autorice un único sistema informático válido para todos os establecementos afectados.

O órgano que autorizase o sistema informático anterior poderá autorizar igualmente que a presentación das follas para o seu foliado e selaxe, a que se refire o punto anterior, sexa substituída pola remisión á oficina xestora por vía telemática da información contida nelas.

8. Toda a documentación regulamentaria e comercial relacionada con estes impostos deberá ser conservada polos interesados nos respectivos establecementos durante o período de prescrición do imposto. Cando se trate de establecementos que se estendan polo ámbito territorial de máis dunha oficina xestora, a indicada documentación conservarse no lugar onde radique o centro de xestión e control do devandito establecemento.

9. O control dos produtos introducidos en depósitos fiscais ou almacéns fiscais constituídos por redes de oleodutos ou de gasodutos ou por instalacións de transporte e distribución de gas natural non conectadas entre si efectuarase a partir do sistema informático contable adoptado polo titular e validado polo centro xestor.»

Doce. Modifícase o punto 1 do artigo 51, e engádese un novo punto 4 ao devandito artigo, que quedan redactados da seguinte maneira:

«1. Os titulares de establecementos afectados polas normas deste regulamento que estean obrigados a levar contas correntes para o control contable das súas existencias efectuarán, polo menos, un reconto delas ao finalizar cada período de liquidación e regularizarán, se é o caso, os saldos das respectivas contas o último día de cada período de liquidación. Cando o titular do establecemento afectado non teña a condición de suxeito pasivo, o referido reconto efectuarase, polo menos, cunha periodicidade trimestral.

Malia o establecido no parágrafo anterior, cando se trate de depósitos fiscais constituídos por unha rede de oleodutos, os seus titulares efectuarán, polo menos, un reconto os días 30 de xuño e 31 de decembro de cada ano referido ao semestre que conclúe nas devanditas datas. As diferenzas que, se é o caso, resulten dos referidos recontos, regularizaranse no período de liquidación correspondente á data en que o reconto se realízase.

4. As existencias medias dun período de liquidación, cando sexan a base para a aplicación dunha porcentaxe regulamentaria de perdas, estarán constituídas pola media das existencias almacenadas ao final de cada un dos días que integran

o referido período de liquidación. Non obstante, a oficina xestora poderá autorizar, por solicitude dos interesados, que as devanditas existencias medias sexan determinadas pola media das existencias almacenadas os días 1, 8, 15 e 23 de cada mes ou meses que integran o devandito período.»

Trece. Modifícase a alínea b) do punto 1 do artigo 67, que queda redactada da seguinte maneira:

«b) Almacenamento de produtos terminados ou en curso de elaboración: o 0,5 por cento das existencias medias do período de liquidación correspondente. Esta porcentaxe elevarase ao 1,5 por cento cando o almacenamento se realice en envases de madeira non revestidos nin exterior nin interiormente.»

Catorce. Modifícanse as alíneas c) e d), e engádese unha nova alínea e) ao punto A)1 do artigo 72, que quedan redactadas da seguinte maneira:

«c) Produtos intermedios elaborados ou en proceso de elaboración contidos en envases de madeira non revestidos nin exterior nin interiormente: o 1,5 por cento das existencias medias do período de liquidación correspondente.

d) Estes produtos contidos noutros envases: o 0,5 por cento das existencias medias do período de liquidación correspondente.

e) Produtos intermedios que se elaboren polo sistema de crianza baixo veo de flor: o 1,6 por cento sobre o volume de alcohol puro contido nas existencias medias do período de liquidación correspondente. Esta porcentaxe regulamentaria será aplicable con independencia das demais porcentaxes regulamentarias de perdas previstas neste punto que, se é o caso, poidan resultar aplicables.»

Quince. Modifícanse os puntos 2, 3 e 8 do artigo 81, que quedan redactados da seguinte maneira:

«2. Todos os aparellos produtores de alcohol deberán estar provistos de contadores suxeitos a modelo aprobado polo organismo competente, os cales se instalarán en condicións que poidan ser precintados e de forma que non se poida interromper o seu libre funcionamento no paso continuo de alcohol a través deles. As súas tubaxes de descarga deberán ter o diámetro conveniente para evitar retencións e estarán dispostas de tal forma que o seu baleirado non poida ser obstaculizado por chaves de paso ou presións superiores á súa. Estes contadores disporán de totalizador con capacidade para rexistrar o volume de dez días de produción ou 100.000 litros como mínimo. As fábricas estarán provistas dos contadores en uso máis un de recambio. As fábricas de alcohol de graduación inferior a 90 por 100 vol. estarán obrigadas a traballar en réxime de depósito precintado.

3. Os líquidos alcohólicos circularán libremente desde a súa saída da columna á chave de regulación da produción de alcohois, e desde esta ata os correspondentes contadores ou depósitos precintados, por tubaxes ríxidas sen soldadura, derivacións nin chaves, que serán visibles en todo o seu percorrido, debendo estar pintadas dunha cor distinta ás do resto do aparello; os empalmes das tubaxes realizaranse por medio de bridas de unión ou porcas que estarán dispostas para poder ser precintadas e recubertas por unha envoltura ríxida tamén precintable.

8. No réxime de depósito precintado mencionado anteriormente, teranse en conta as normas seguintes:

a) Os depósitos deberán ter unha capacidade suficiente para almacenar o volume de alcohol producido en sete días de traballo.

b) As tubaxes de condución ata o depósito ou conxunto de depósitos, as bridas de unión, as chaves e as bocas dos depósitos deberán estar precintadas polo servizo de intervención de modo que o alcohol fabricado neste réxime non poida ser extraído daqueles sen previa autorización do servizo de intervención, quen efectuará o desprecintado e verificará a operación, ou ben, autorizará o interesado para que efectúe o desprecintado por si mesmo.»

Dezaseis. Modifícase o punto 1 do artigo 83, que queda redactado como segue:

«1. Cando por avaría ou por causa de forza maior se interrompa o inicio ou a marcha normal das operacións, o fabricante comunicarallo inmediatamente ao servizo de intervención por calquera medio de que quede constancia, previamente autorizado polo devandito servizo ou pola oficina xestora.

En caso de avaría dos contadores ou sistema de control, deberanse interromper as operacións de fabricación, comunicándose tal circunstancia ao servizo de intervención de forma inmediata nos termos do parágrafo anterior. O servizo de intervención poderá dispoñer a continuación da operación ata a súa ultimación no réxime de depósito precintado a que se refire o artigo 81.8.»

Dezasete. Modifícanse as alíneas e) e f) do punto 1 e a alínea d) do punto 2 do artigo 90, que quedan redactadas da seguinte maneira:

«1.e) No almacenamento de alcohol e bebidas derivadas en envases distintos de botellas: o 0,50 por cento das existencias medias do período de liquidación correspondente. Cando se realice en envases de madeira non revestidos nin exterior nin interiormente, esta porcentaxe elevarase ao 1,5 por cento.

1.f) No almacenamento de primeiras materias en fábricas de alcohol: o 1 por cento das existencias medias do período de liquidación correspondente; a devandita porcentaxe elevarase ata o 5 por cento cando se trate de melazas, bagazos e demais materias primas non líquidas.

2.d) No almacenamento de alcohol en envases distintos de recipientes acondicionados para a venda polo miúdo: o 0,50 por cento das existencias medias do período de liquidación correspondente. Cando se realice en envases de madeira non revestidos nin exterior nin interiormente, esta porcentaxe elevarase ao 1,5 por cento.»

Dezaioito. Modifícase o punto 1 do artigo 93, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. O local onde se instalen os aparellos de destilación terá a consideración de fábrica de bebidas derivadas por destilación directa con sometemento ao réxime de intervención previsto no artigo 48, salvo no disposto nas alíneas d) e e) do seu punto 2.»

Dezanove. Modifícanse os puntos 4 e 6 do artigo 95, que quedan redactados da seguinte maneira:

«4 Se o período de destilación abranguese días naturais de dous períodos de liquidación, presentaranse dúas solicitudes comprensivas, cada

unha delas, dos días naturais que correspondan a cada período de liquidación.

6. Finalizado o período autorizado para a destilación, o servizo de intervención poderá proceder ao precintado dos aparellos, do cal se deixará constancia mediante a correspondente dilixencia.»

Vinte. Modifícanse o título e o punto 1 do artigo 105 que quedan redactados da seguinte maneira:

«Artigo 105. *Proxectos piloto relativos a biocarburantes e biocombustibles.*

1. A aplicación da exención prevista no artigo 51.3 da lei rexerese polo disposto neste artigo.

Para os únicos efectos da aplicación deste artigo entenderase que a expresión «biocarburantes» comprende tanto os biocarburantes, definidos no punto 1.m) do artigo 49 da lei, como os biocombustibles, definidos no punto 1.n) do mesmo artigo, que se destinen, como tales ou logo de modificación química, respectivamente ao seu uso como carburante ou como combustible, directamente ou mesturados con outros carburantes ou combustibles.

A aplicación da exención requirirá a previa introdución dos biocarburantes nunha fábrica ou depósito fiscal situados no ámbito territorial interno, se non se encontrasen previamente nun destes establecementos, ou ben, tratándose de biocarburantes recibidos do resto do ámbito territorial comunitario sen pasar polos devanditos establecementos, que o receptor teña a condición de operador rexistrado ou de operador non rexistrado. En caso de importacións de biocarburantes fóra de réxime suspensivo, o dereito á aplicación da exención xustificarse ante a aduana de importación.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, unha vez ultimado o réxime suspensivo, o biocarburante ou o produto que o conteña poderá ser mesturado, en instalacións de consumo final, con outros biocarburantes, produtos que os conteñan ou carburantes convencionais polos cales, en todos os casos, o réxime suspensivo estivese igualmente ultimado. Cando o biocarburante sexa alcohol etílico deberá ter a condición de alcohol total ou parcialmente desnaturalizado.

O establecido no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do cumprimento do previsto na normativa vixente en materia de especificacións técnicas de carburantes e biocarburantes.»

Vinte e un. O artigo 108 queda redactado como segue:

«1. A aplicación dos tipos reducidos establecidos nas epígrafes 1.8, 1.10, 1.12, 2.10 e 2.13 do artigo 50 da lei efectuarase nas mesmas condicións que as previstas no artigo 106 anterior para o punto 1.4, coas seguintes excepcións:

a) A adición de marcadores só será exixible en relación co queroseno, de acordo co establecido no artigo 114. Para estes efectos, baixo a expresión «queroseno» incluírase tanto o queroseno comprendido na epígrafe 1.12 como os aceites medios comprendidos na epígrafe 2.10.

b) Non será de aplicación o disposto no artigo 106.3 e, a cambio, os retalistas deberán cumprir o establecido no punto 2 deste artigo.

2. Os retalistas, que para efectos do disposto no primeiro parágrafo do artigo 106.6 acreditarán a súa condición mediante a tarxeta ou etiqueta iden-

tificativa do número de identificación fiscal, deberán conservar a disposición da inspección dos tributos, durante o prazo de prescrición do imposto, a documentación xustificativa dos produtos recibidos e entregados.

3. Malia o establecido nos puntos anteriores, cando se trate de almacéns fiscais ou establecementos retallistas desde os que se efectúen vendas de gas natural con aplicación, tanto do tipo impositivo da epígrafe 1.9 como do tipo impositivo da epígrafe 1.10, observaranse as seguintes regras:

a) O envío do gas natural ao almacén fiscal ou establecemento retallista desde fábricas, depósitos fiscais ou almacéns fiscais ou desde a aduana de importación efectuarase, en todos os casos, con aplicación do tipo impositivo establecido na epígrafe 1.10.

b) O almacén fiscal ou establecemento retallista deberá ser inscrito polo seu titular no rexistro territorial da oficina xestora. Este titular deberá levar un rexistro do gas natural recibido no establecemento segundo o sinalado no parágrafo anterior, en que constarán as entregas que efectúe daquel, separando as realizadas con aplicación do tipo da epígrafe 1.10 daquelas respecto das cales proceda a aplicación do tipo establecido na epígrafe 1.9. Tanto o rexistro como a documentación xustificativa dos asentos efectuados estarán á disposición da inspección dos tributos durante o período de prescrición do imposto.

c) Respecto das entregas de gas natural efectuadas dentro de cada mes natural en que proceda a aplicación do tipo establecido na epígrafe 1.9, os titulares dos almacéns fiscais ou establecementos retallistas estarán obrigados a autoliquidar e ingresar as cotas resultantes de aplicar, sobre as cantidades de gas natural así entregadas, o tipo impositivo establecido na epígrafe 1.9, minorado no importe do tipo impositivo establecido na epígrafe 1.10.

d) A autoliquidación e ingreso das cotas a que se refire a alínea c) efectuarase nos prazos e modelos establecidos para o imposto sobre hidrocarburos no artigo 44. Non obstante, os titulares dos almacéns fiscais ou establecementos retallistas non estarán obrigados á presentación das declaracións de operacións a que se refire o artigo 44.5.

4. Para que os suxeitos pasivos poidan aplicar o correspondente tipo impositivo así como para a aplicación, se é o caso, do previsto no punto 3, os comercializadores a que se refire o artigo 58 d) da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, estarán obrigados, respecto das vendas de gas natural que realicen a consumidores finais, a lles comunicar aos titulares de fábricas, depósitos fiscais ou almacéns fiscais a través de cuxas instalacións se efectúe a subministración, con anterioridade a que este se produza, o uso a que se destinará o gas natural subministrado.»

Vinte e dous. Modifícanse o título e os puntos 1, 4 e 7 do artigo 108 bis, que quedan redactados da seguinte maneira:

«Artigo 108 *is*. *Aplicación dos tipos impositivos de biocarburantes e biocombustibles.*

1. A aplicación dos tipos previstos nas epígrafes 1.13 a 1.15 do artigo 50 da lei rexerese polo disposto neste artigo.

Para os únicos efectos da aplicación deste artigo entenderase que a expresión «biocarburan-

tes» comprende tanto os biocarburantes definidos no artigo 49.1.m) da lei como os biocombustibles definidos no artigo 49.1.n) que, en ambos os casos, se destinen, como tales ou logo de modificación química, respectivamente ao seu uso como carburante ou como combustible, directamente ou mesturados con outros carburantes ou combustibles.

A aplicación destes tipos impositivos requirirá a introdución previa dos biocarburantes nunha fábrica ou depósito fiscal situados no ámbito territorial interno, se non se encontrasen previamente nun destes establecementos, ou ben, tratándose de biocarburantes recibidos do resto do ámbito territorial comunitario sen pasar polos devanditos establecementos, que o receptor teña a condición de operador rexistrado ou de operador non rexistrado. En caso de importacións de biocarburantes fóra de réxime suspensivo, a aplicación destes tipos poderá solicitarse da aduana de importación.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, unha vez ultimado o réxime suspensivo, o biocarburante ou o produto que o conteña poderá ser mesturado, en establecementos de venda e instalacións de consumo final, con outros biocarburantes, produtos que os conteñan ou carburantes convencionais polos cales, en todos os casos, o réxime suspensivo estivese igualmente ultimado. Cando o biocarburante sexa alcohol etílico deberá ter a condición de alcohol total ou parcialmente desnaturalizado.

O establecido no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do cumprimento do previsto na normativa vixente en materia de especificacións técnicas de carburantes e biocarburantes.

4. Malia o disposto no punto 3, cando se trate de biocarburantes destinados, como tales ou logo de modificación química, a mesturarse cun carburante antes da ultimación do réxime suspensivo, ou xa mesturados cun carburante nunha fábrica ou depósito fiscal que se introduzan en depósitos fiscais loxísticos, a aplicación dos tipos previstos nas epígrafes 1.13 a 1.15 respecto dos referidos biocarburantes poderá alternativamente levarse a cabo, logo de autorización do centro xestor, polo procedemento que se describe a continuación:

a) Definicións.—Para a aplicación do procedemento previsto nas alíneas b) a i) deste punto 4 establécense as seguintes definicións:

1.º “Base para a aplicación dos tipos das epígrafes 1.13 a 1.15”.—Conforme o establecido no artigo 50 bis da lei, é o volume de biocarburante que se considera contido en determinada cantidade de gasolina sen chumbo ou de gasóleo que saíse do depósito fiscal a destinos fóra de réxime suspensivo e que non implican a aplicación dun suposto de exención, sobre o que se aplica un dos tipos impositivos regulados nas devanditas epígrafes. A determinación da súa contía efectuarase consonte o establecido na alínea c) deste punto.

2.º “Depósito fiscal loxístico”.—O depósito fiscal de hidrocarburos cuxo titular opere por conta de fabricantes ou doutros introdutores, non adquirindo a propiedade dos produtos que recibe nin transmitindo a dos que expide. Cando o titular do depósito fiscal loxístico o sexa doutros, os movementos producidos no conxunto dos depósitos fiscais loxísticos de que sexa titular consideraranse producidos nun deles, que terá a consideración depósito fiscal loxístico único, se se cumpren as seguintes condicións:

Que o titular teña unha xestión contable integrada do conxunto dos movementos producidos entre os depósitos, sen prexuízo da que corresponde individualmente a cada unha deles,

Que lle fose autorizada a centralización do pagamento do imposto para o conxunto dos depósitos de que é titular, e

Que con referencia ao depósito fiscal loxístico único, se leve un rexistro global que reflecta os movementos do biocombustible e, cada fabricante ou introdutor, unha conta de rexistro comprensiva das entradas e saídas no depósito fiscal loxístico único da gasolina sen chumbo e do gasóleo, así como do biocombustible contido nestes.

3.º “Carga de biocombustible do período”.—A suma das cantidades de cada clase de biocombustible, diferenciadas segundo a epígrafe que lles corresponda, que, para cada fabricante ou introdutor, figuran en existencias no depósito fiscal loxístico ao inicio dun período dado e das cantidades de biocombustible introducidas nel durante o devandito período.

4.º “Fabricante ou introdutor”.—O fabricante de hidrocarburos ou comerciante dos devanditos produtos a cuxo nome se introduciron a gasolina sen chumbo ou o gasóleo que incorporan o biocombustible, no depósito fiscal loxístico.

5.º “Porcentaxe de biocombustible en gasolinas ou gasóleos”.—A porcentaxe que, para cada período de liquidación e fabricante ou introdutor, exprese o contido teórico medio de cada clase de biocombustible no conxunto das gasolinas ou gasóleos que incorporan biocombustible, introducido no depósito fiscal loxístico ao longo do devandito período ou que figuren como existencia ao inicio deste.

Cando se trate de etil ter-butil eter (ETBE) computarase como bioetanol, para estes efectos, o 45 por cento en volume do ETBE con que se aditive a gasolina sen chumbo.

6.º “Saídas con pagamento do imposto”.—As saídas do depósito fiscal loxístico a destinos fóra de réxime suspensivo e que non implican a aplicación dun suposto de exención.

b) Recepción da gasolina ou do gasóleo que contén biocombustible.

1.º A gasolina ou o gasóleo que contén o biocombustible será obxecto de anotación, á súa recepción no depósito fiscal loxístico, no cargo da correspondente conta do libro de produtos recibidos, indistintamente xunto co resto de gasolinas ou gasóleos, sen prexuízo da anotación separada que destes proceda en función da súa octanaxe ou do seu destino a un uso como combustible ou carburante.

2.º Esta gasolina ou o devandito gasóleo recibiránse no depósito ao abeiro do correspondente documento de acompañamento en que se indicará a súa porcentaxe de biocombustible. Esta indicación terá carácter provisional ata a confirmación da cantidade global de biocombustible contida na gasolina ou no gasóleo enviada ao depósito fiscal loxístico considerado desde cada establecemento de orixe e que figurará na certificación recapitulativa a que se refire o parágrafo seguinte.

3.º A cantidade de biocombustible contida na gasolina ou no gasóleo será contabilizada separadamente, xustificándose por unha certificación recapitulativa do conxunto dos envíos recibidos no mes anterior, expedida polo interventor do establecemento desde o cal a gasolina ou o gasóleo

foron enviados ao depósito fiscal loxístico considerado.

c) Determinación da base para a aplicación dos tipos das epígrafes 1.13 a 1.15 en cada período.

1.º Esta base estará constituída polo cargo de biocombustible do período correspondente a cada epígrafe, sempre que o devandito cargo non sexa superior, para cada fabricante ou introdutor, ao volume que resultaría de aplicar ao volume total de gasolina ou de gasóleo que saíu do depósito con pagamento do imposto durante o período considerado por conta do mesmo fabricante ou introdutor a porcentaxe de biocombustible en gasolinas ou gasóleos.

2.º Cando non se cumpra a condición establecida no parágrafo anterior, a base estará constituída polo volume que resultaría de aplicar ao volume total de gasolina ou gasóleo que saíu do depósito con pagamento do imposto durante o período considerado por conta do fabricante ou introdutor a porcentaxe de biocombustible en gasolinas ou gasóleos.

Neste caso, non obstante, poderase integrar nesta base o volume de biocombustible que, por imputación contable, se considere contido en gasolinas ou gasóleos que se acredite fidedignamente que saíron do depósito, con pagamento do imposto, por conta doutros fabricantes ou introdutores distintos do fabricante ou introdutor de que se trate.

d) Envío de gasolina ou gasóleo a outros depósitos fiscais ou a fábricas.

1.º No caso previsto na alínea c), 2.º, poderase imputar, ás gasolinas ou gasóleos directamente enviados en réxime suspensivo, por conta do fabricante ou introdutor, con destino a un depósito fiscal de distinto titular ou a unha fábrica situados no ámbito territorial interno, unha cantidade de biocombustible cuxo contido porcentual nas referidas gasolinas ou gasóleos non poderá exceder a porcentaxe de biocombustible en gasolinas ou gasóleos. En todo caso, deberase respectar ademais a regra de contía máxima prevista na alínea e) seguinte.

2.º A gasolina ou o gasóleo a que se impute o biocombustible serán recibidos no depósito fiscal ou fábrica de destino consonte o previsto, segundo o caso, no punto 3 deste artigo ou na alínea b) do punto 4. As cantidades de gasolina ou gasóleo a que se imputa o biocombustible serán obxecto dunha relación recapitulativa mensual por cada depósito ou fábrica de destino, e serán enviadas a eles polo titular do depósito fiscal loxístico que realiza a imputación. Esta relación recapitulativa será igualmente enviada á oficina xestora da cal dependa o referido depósito fiscal loxístico, dentro dos trinta días seguintes á terminación do mes a que a devandita relación se refire.

3.º O disposto neste alínea d) enténdese sen prexuízo do establecido na alínea a), 2.º anterior.

e) Contía máxima.—Para os efectos das alíneas c) e d) anteriores, a suma do volume de biocombustible que comprende a base para a aplicación dos tipos das epígrafes 1.13 a 1.15 e do volume de biocombustible imputado a envíos de gasolina ou gasóleo a outros depósitos fiscais ou fábricas situados no ámbito territorial interno nunca poderá exceder, para cada fabricante ou introdutor do seu respectivo cargo de biocombustible do período.

f) Orde das saídas do depósito fiscal loxístico.—Para os efectos da aplicación do procedemento previsto neste punto, considerarase que, dentro de cada período de liquidación e para cada fabricante ou introdutor, as saídas do depósito fiscal loxístico da gasolina ou do gasóleo se producen na seguinte orde:

1.º Saídas con pagamento do imposto.

2.º Saídas en réxime suspensivo con destino a outros depósitos fiscais de distinto titular ou fábricas situados no ámbito territorial interno.

3.º Demais saídas en réxime suspensivo e saídas con destinos fóra de réxime suspensivo polos cales resulte aplicable un suposto de exención.

g) Existencia final de biocombustible.—No caso previsto no punto c) 2.º anterior, considerarase, se é o caso, como existencia final de biocombustible do período considerado, e inicial do seguinte, para cada fabricante de hidrocarburos ou introdutor, un volume de biocombustible igual ao resultado de restar do cargo de biocombustible do período as cantidades de biocombustible imputadas, pola orde establecida na alínea f) anterior, ás gasolinas ou gasóleos que saíron do depósito fiscal durante o período considerado.

h) Repercusión do imposto.—A repercusión do imposto respecto do biocombustible será efectuado polo titular do depósito fiscal loxístico sobre o fabricante ou introdutor, na súa condición de persoa por cuxa conta se realizan as operacións gravadas.

i) Outros biocombustibles.—Poderanse recibir no depósito fiscal loxístico biocombustibles aos cales se lles apliquen os tipos dos puntos 1.13 a 1.15 polo procedemento establecido no punto 3 deste artigo, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

1.º Deberanse contabilizar separadamente dos biocombustibles aos cales os tipos dos puntos 1.13 a 1.15 se apliquen polo procedemento previsto no presente punto 4.

2.º O seu almacenamento producirase dun modo tal que as existencias deles poidan ser confrontadas en calquera momento co saldo que resulte da contabilización separada a que alude o parágrafo 1.º precedente.

3.º Poderanse mesturar no depósito fiscal loxístico, no momento inmediatamente anterior ao da súa saída deste, biocombustibles aos cales se lles pretenda aplicar os tipos dos puntos 1.13 a 1.15 por un e outro procedemento sempre que se respecten as regras relativas a cada un deles, se cumpran os dous requisitos anteriores desta alínea i), non se produza unha duplicidade na aplicación do beneficio e se respecten as medidas de control que poida establecer a oficina xestora.

7. Sen prexuízo do previsto no punto 4 deste artigo, no documento de circulación que proceda expedir para amparar a circulación dos biocombustibles, como tales ou logo de modificación química, ou dos produtos que os conteñan, indícase o biocombustible de que se trate e, se é o caso, a proporción en que se inclúe na mestura de que forme parte. Esta obriga non será exixible respecto da circulación de biocombustibles fóra de réxime suspensivo iniciada desde un establecemento distinto dunha fábrica ou distinto dun depósito fiscal que non teña a consideración de depósito fiscal loxístico, cando os devanditos biocombustibles se encontren mesturados con gasolinas ou gasóleos nunha proporción tal que o conxunto da mestura,

consonte a normativa sobre especificacións técnicas, non teña outra consideración que a de simple gasolina ou gasóleo.»

Vinte e tres. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 116 e engádesse un novo punto 7, que quedan redactados da seguinte maneira:

«1. Para os efectos do disposto no artigo 6 da lei, as porcentaxes regulamentarias de perdas serán as que se expresan neste artigo. A aplicación das táboas de porcentaxes de perdas que figuran nos puntos 2 e 3 seguintes terá lugar consonte o establecido con carácter xeral nos puntos 25 e 27 do artigo 1 e nos artigos 15, 16 e 17 deste regulamento, tomándose a quilocaloría como unidade de medida para as porcentaxes de perdas térmicas.

Emporiso, por excepción ao disposto no artigo 1.25 e no artigo 16 deste regulamento, cando se trate de produtos que circulen por redes de oleodutos autorizadas como depósitos fiscais de hidrocarburos, as perdas admisibles fixaranse, por todos os conceptos, nunha porcentaxe sobre o volume de produtos introducidos semestralmente na devandita rede. Se a rede de oleodutos non está autorizada como depósito fiscal de hidrocarburos ou a circulación se produce por tubaxes fixas, consideraranse perdas as diferenzas en menos entre a suma das cantidades de produtos que durante un período de liquidación inician a circulación desde o establecemento de expedición e a suma das cantidades de produtos que, en igual período, son recibidas no establecemento de destino procedente daquel; este mesmo réxime será aplicable cando os hidrocarburos circulen por medios distintos do transporte por estrada.

2. Táboa de porcentaxes regulamentarias de perdas:

a) Destilación atmosférica, comprendendo outras operacións auxiliares como estabilización, separación de gases licuables, etc. (sen incluír auga e sedimentos): 0,7.

b) Destilación a baleiro do cru reducido: 0,3.

c) Refinación de naftas polo proceso merox: 0,1.

d) Hidrocraqueo: 1,0.

e) Craqueo con redución de viscosidade: 0,9.

f) Craqueo catalítico (FCC), incluído o coque: 7,0.

g) Reformado catalítico (Platforming, Powerforming, Ultraforming, etc.): 0,5.

h) Hidrodesulfuración de gasolinas, gasóleos e queroseno: 1,0.

i) Alquilación: 0,5.

j) Isomerización: 0,5.

k) Obtención de hidrocarburos aromáticos a partir de gasolinas de pirólise ou de gasolinas de reformado: 1,0.

l) Obtención de aceites base para lubricantes a partir de aceites pesados: 0,8.

m) Mestura de produtos volátiles para obter disolventes: 0,2.

n) Craqueo de nafta para a obtención de olefinas: 3,0.

ñ) Almacenamentos, sobre as existencias medias do período de liquidación, de produtos cuxa tributación se produciría aos tipos previstos nas seguintes epígrafes da tarifa 1.ª do imposto:

Epígrafes 1.1, 1.2.1, 1.2.2 e 1.13: 0,95.

Epígrafes 1.11 e 1.12: 0,55.

Epígrafes 1.3, 1.4, 1.5, 1.14 e 1.15: 0,35.

Epígrafes 1.6, 1.8, 1.9 e 1.10: 2,05.



o) Carga, transporte e descarga de produtos cuxa tributación se produciría aos tipos previstos nas seguintes epígrafes da tarifa 1.<sup>a</sup> do imposto:

Epígrafes 1.1, 1.2.1, 1.2.2 e 1.13: 1,0.  
Epígrafes 1.11 e 1.12: 0,6.

Epígrafes 1.3, 1.4, 1.5, 1.14 e 1.15: 0,4.  
Epígrafes 1.6, 1.8, 1.9 e 1.10: 2,1.

p) Rede de oleodutos autorizada como depósito fiscal de hidrocarburos, sobre o volume introducido semestralmente: 0,035.

q) Rede de gasodutos autorizada como depósito fiscal de gas natural: as porcentaxes de minguas establecidas na normativa de xestión técnica do sistema gasista.

7. Corrección contable por gasolinas evaporadas e recuperadas en fábricas e depósitos fiscais.

a) En concepto de corrección contable, os titulares de fábricas e depósitos fiscais en que estean instalados dispositivos de recuperación de vapores apropiados poderán efectuar, ao final de cada período de liquidación, un asento de cargo no libro de produtos finais comprensivo do 0,16 por cento do volume total de gasolinas sen chumbo, bioetanol e biometanol que saíron da fábrica ou depósito fiscal no indicado período con devengo do imposto e sen aplicación de exencións. Correlativamente poderán deducir das cotas devengadas no mesmo período un importe igual ao das cotas correspondentes ao volume dos produtos obxecto do referido asento de cargo. Este importe determinarase aplicando os tipos establecidos nas epígrafes 1.2.1, 1.2.2 e 1.13 da tarifa 1.<sup>a</sup> do imposto en proporción á parte do referido volume que tribútase a cada un dos devanditos tipos.

b) Emporiso, cando, consonte o previsto no artigo 108 bis.4, se trate de varios depósitos fiscais dun mesmo titular cuxos movementos de bioetanol se entendan producidos nun deles, considerado depósito fiscal loxístico único, observaranse as seguintes regras:

1.<sup>a</sup>) En cada un dos depósitos fiscais distintos do depósito fiscal loxístico único calcularase a contía do asento de cargo consonte o establecido na alínea a) anterior, considerando que o produto que sae daqueles é gasolina sen chumbo.

2.<sup>a</sup>) O importe global da dedución que se vaia practicar nas cotas devengadas polo conxunto das saídas de todos os depósitos fiscais distintos do depósito fiscal único no período de liquidación determinarase aplicando ao volume resultante da suma dos asentos de cargo a que se refire a regra 1.<sup>a</sup> anterior o tipo impositivo do punto 1.2.1 ou 1.2.2 segundo proceda. Do importe así determinado deducirase o importe resultante de multiplicar a diferenza entre o devandito tipo impositivo e o tipo impositivo correspondente ao bioetanol (epígrafe 1.13) polo 0,16 por cento do volume de bioetanol contabilizado no depósito fiscal loxístico único como saído deste durante o mesmo período.»

Vinte e catro. Modifícanse o título e os puntos 2 e 3 do artigo 116 bis, que quedan redactados da seguinte maneira:

«Artigo 116 *is*. *Produtos comprendidos na tarifa 2.<sup>a</sup> e gas natural.*

2. Normas comúns aplicables a todos os produtos da tarifa 2.<sup>a</sup> e ao gas natural.

a) Nos casos a que se refire o artigo 53.5.a) da lei, os produtos da tarifa 2.<sup>a</sup> que se obteñan conti-

nuarán amparados pola exención prevista no artigo 51.1 da lei mentres non se destinen a un uso como combustible ou carburante. Cando, nos mesmos casos, os produtos obtidos sexan produtos sensibles aplicaranse as normas previstas no punto 4 deste artigo e o establecemento onde se obteñan deberá ser inscrito no rexistro territorial como almacén fiscal.

b) Cando, consonte o establecido no artigo 53.5.b) da lei, o gas natural ou os produtos da tarifa 2.<sup>a</sup> aos cales se lles aplicase a exención prevista no artigo 51.1 da lei se destinen de forma sobrevida a un uso como combustible ou carburante, os que os destinen ou comercialicen con destino a tales fins estarán obrigados a presentar un escrito ante a oficina xestora no prazo de 20 días contados desde aquel en que se produciu o referido uso sobrevido, dando conta de tal circunstancia. Ao devandito escrito xuntaranlle unha copia da autoliquidación que practicasen e que será comprensiva das cotas correspondentes aos produtos sobrevidamente destinados aos referidos usos.

3. Normas aplicables aos produtos non sensibles e ao gas natural.

a) Unha vez que saian da fábrica onde se obtiveron ou se importen, a circulación, tenza e utilización dos produtos non sensibles ou do gas natural non estarán sometidas a requisitos formais específicos en relación co imposto sobre hidrocarburos. O disposto nesta liña enténdese, en canto ao gas natural, sen prexuízo da aplicación das normas deste regulamento vinculadas ao cumprimento da obriga de autoliquidar e ingresar as cotas do imposto devengadas cando o imposto resulte exixible.

b) Nos supostos de importación, o destino a un uso distinto do de combustible ou carburante deberase declarar ante a aduana para a aplicación da exención prevista no artigo 51.1 da lei.

c) A situación fiscal en que os produtos non sensibles ou o gas natural poidan encontrarse en cada momento (réxime suspensivo, ou imposto devengado con ou sen aplicación de exencións) será acreditada por medios de proba admisibles en dereito, especialmente pola documentación de índole comercial relativa a aqueles de que se trate e pola condición fiscal que, se é o caso, teña o establecemento en que se encontren ou desde o que fosen expedidos.»

Vinte e cinco. Engádese un título III, cuxa redacción será a seguinte:

### «TÍTULO III

#### **Imposto especial sobre o carbón**

Artigo 138. *Inscripción no rexistro territorial.*

1. Os obrigados a presentar as declaracións-liquidacións e as declaracións anuais de operacións a que se refire o artigo 140 deberán solicitar a inscrición no rexistro territorial correspondente á oficina xestora de impostos especiais do lugar onde radique o correspondente establecemento.

Para os efectos indicados entenderase por establecemento, cando se trate de adquirentes de produto comunitario e de revendedores deste produto o lugar de consumo de carbón ou do seu almacenamento, respectivamente. No suposto de que os revendedores non posúan instalacións de almacenamento de produto terá a consideración de establecemento o seu domicilio fiscal. No caso

de produtores ou extractores de carbón, enténdese por establecemento a unidade de produción, constituída polo conxunto dos lugares de extracción de carbón e das infraestruturas que lles dan servizo, subterráneas ou ao raso, que poden producir carbón bruto de forma independente doutras unidades.

2. Unha vez efectuada a inscrición, a oficina xestora a que se refire o artigo 1.22 deste regulamento entregaralle ao interesado unha tarxeta identificativa da inscrición, suxeita ao modelo que aprobe o ministro de Economía e Facenda, en que constará o "Código de actividade do carbón" (CAC) a que se refire o punto seguinte, que se deberá consignar nas declaracións-liquidacións e nas declaracións anuais de operacións.

3. O "Código de actividade do carbón" é o código, configurado na forma que se establece neste punto, que identifica a actividade dos suxeitos pasivos por este imposto e que consta de oito caracteres distribuídos da forma seguinte:

a) Dous díxitos que identifican o ámbito territorial da oficina xestora do establecemento.

b) Dous díxitos, de entre os que se indican a continuación, que identifican a actividade do obrigo tributario:

"CE": Produtores/ Extractores.

"CC": Consumidores por adquisicións intracomunitarias.

"CR": Revendedores.

c) Tres díxitos de numeración consecutiva.

d) Unha letra de control.

#### Artigo 139. *Devolución do imposto.*

1. Nos supostos de devolución establecidos no artigo 80 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, o importe das cotas que se devolvan será o mesmo que o das cotas soportadas.

2. Malia o disposto no punto anterior, cando non fose posible determinar tal importe, as cotas determinaranse aplicando o tipo vixente tres meses antes da data en que se realiza a operación que orixina o dereito á devolución.

3. A devolución do imposto poderase autorizar con carácter provisional. As liquidacións provisionais converteranse en definitivas como consecuencia da comprobación efectuada pola inspección ou ben cando non fosen comprobadas dentro do prazo de catro anos, contados a partir da data en que se realiza a operación que orixina o dereito á devolución.

4. En todos os casos a devolución solicitarase, dentro dos 20 primeiros días seguintes á finalización de cada trimestre natural, ante a oficina xestora dos impostos especiais correspondente ao domicilio fiscal do titular do beneficio. Esta oficina poderá, antes de acordar a devolución con carácter provisional, requirir a acreditación de se teren satisfeito as cotas cuxa devolución se solicita, así como de se ter realizada a operación que orixina tal dereito. Esta acreditación efectuarase principalmente mediante:

a) A factura en que conste a repercusión do imposto, de acordo co establecido no artigo 85 da citada Lei 38/1992;

b) A factura, albará, conduce ou demais documentos comerciais utilizados polo vendedor, cando se trate de adquisicións dentro do ámbito territorial de aplicación do imposto, diferentes ás que se refire a letra anterior;

c) Os xustificantes de se ter efectuado o pagamento do imposto, cando o solicitante sexa suxeito pasivo do imposto con ocasión de operacións de importación ou de recepcións dos produtos procedentes do ámbito territorial comunitario.

d) Nos supostos de exportación, o documento de despacho aduaneiro.

5. Os procedementos de devolución de cotas satisfeitas polo imposto especial sobre o carbón terán, para a súa resolución, un prazo máximo de seis meses computado a partir da data en que teña entrada no rexistro a solicitude de devolución.

Sen prexuízo da obriga da Administración de ditar resolución expresa, nos supostos regulados neste punto as solicitudes de devolución enténdense desestimadas cando non recaese resolución expresa no indicado prazo.

#### Artigo 140. *Liquidación e pagamento do imposto.*

1. Salvo nos casos de importación, os suxeitos pasivos do imposto especial sobre o carbón están obrigados a presentar unha declaración-liquidación comprensiva das cotas devengadas dentro dos prazos que se indican no punto 3, así como a efectuar, simultaneamente, o pagamento das cotas líquidas.

Non será necesaria a presentación de declaracións-liquidacións cando no período de liquidación de que se trate non resulten cotas para ingresar.

2. A presentación da declaración-liquidación e, se é o caso, o pagamento simultáneo das cotas efectuarase, con carácter xeral, por cada un dos establecementos ou lugares de recepción, en entidade colaboradora situada dentro do ámbito territorial da unidade da Axencia Estatal de Administración Tributaria, na esfera territorial, competente en materia de xestión do imposto, correspondente ao seu domicilio fiscal.

3. O período de liquidación e o prazo para a presentación da declaración-liquidación e, se é o caso, ingreso simultáneo das cotas serán os seguintes:

Período de liquidación: un trimestre natural.

Prazo: os 20 primeiros días naturais seguintes a aquel en que finaliza o trimestre en que se producen os devengos.

4. Os modelos de declaracións-liquidacións ou, se é o caso, os medios e procedementos electrónicos, informáticos ou telemáticos que puidesen substituílas para a determinación e ingreso da débeda tributaria, serán aprobados polo ministro de Economía e Facenda.

5. Ademais, os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar unha declaración anual que comprenda as operacións realizadas dentro de cada exercicio, mesmo cando só teñan existencias, nos casos e conforme os modelos ou procedementos que estableza o ministro de Economía e Facenda.»

#### **Disposición transitoria única.** *Prazo para o cumprimento de determinadas obrigas formais.*

1. A partir da entrada en vigor deste real decreto, os suxeitos pasivos e demais obrigados tributarios afectados polas normas contidas nel disporán dun prazo de tres meses para cumprir cos novos requisitos e condicións que lles sexan exixibles en materia de inscrición no rexistro territorial así como para prestar ou completar as novas garantías que, se é o caso, se teñan que constituír.

2. No caso en que os recontos de existencias a que se refire o artigo 51.1 do Regulamento de impostos especiais se deban efectuar con periodicidade mensual,

a devandita obriga cumprirse, por primeira vez, respecto do primeiro mes seguinte á finalización do trimestre natural en que se produza a entrada en vigor deste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de Facenda xeral e débeda do Estado.

**Disposición derradeira segunda.** *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido neste real decreto.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día 1 de xullo de 2006.

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2006.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno  
e ministro de Economía e Facenda,  
PEDRO SOLBES MIRA

**11287** *RESOLUCIÓN 1/2006, do 15 de xuño, da Dirección Xeral de Tributos, sobre as limitacións á aplicación da dedución por actividades de exportación no imposto sobre sociedades a partir da Decisión da Comisión Europea do 22 de marzo de 2006, en relación coa Axuda de Estado n.º E 22/2004-España. («BOE» 150, do 24-6-2006.)*

I

A Comisión Europea, mediante Decisión C (2006) 444 final, do 22 de marzo de 2006, adoptada no asunto Axuda de Estado n.º E 22/2004-España, considerou que o artigo 37 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo (BOE do 11 de marzo), baixo a rúbrica «dedución por actividades de exportación», ofrece unha vantaxe consonte o artigo 87, punto 1, do Tratado da Comunidade Europea, ao liberar os seus beneficiarios de cargas fiscais que normalmente soportarían no curso das súas actividades empresariais e ten, por tanto, a consideración de axuda de Estado non compatible co mercado común na medida en que pode afectar a competencia e os intercambios entre Estados membros.

Como conclusión a estas reflexións, a Comisión Europea dispón que se adopten as decisións necesarias para facer efectivas as medidas apropiadas que recomenda como mellor forma de adecuar a norma do imposto sobre sociedades antes referida ás prescricións do artigo 88, punto 1, do Tratado da Comunidade Europea, que deberán consistir, segundo o parágrafo 66 da decisión, en:

«a) Eliminar gradualmente a dedución da cota íntegra establecida polo artigo 37 do TRLIS titulado «Dedución por actividades de exportación» (...), nun prazo de eliminación gradual que finalice o 1 de xaneiro de 2011, mediante unha redución lineal do 20 por cento anual do tipo da dedución da cota íntegra, empezando no exercicio

2007 e terminando no exercicio 2010; a dedución da cota íntegra extinguirase o 1 de xaneiro de 2011.

(...)

b) Poñer fin con efecto inmediato a todas as axudas á exportación, ou que primen os produtos nacionais en detrimento dos importados, ou as axudas a actividades relacionadas coa exportación, especialmente as axudas directamente vinculadas ás cantidades exportadas, ao establecemento e a explotación dunha rede de distribución ou a outros gastos correntes vinculados ás actividades relacionadas coa exportación no sentido dos citados regulamentos da Comisión n.º 69/2001 e n.º 70/2001, relativos á aplicación das axudas estatais ás axudas «de minimis» e ás pequenas e medianas empresas, respectivamente, co fin de suprimir calquera posible incompatibilidade cos compromisos da UE consonte as normas da OMC;

(...))»

II

O cumprimento da recomendación efectuada polas autoridades comunitarias contida na alínea a) do punto 66 anteriormente reproducida prodúcese a través das prescricións contidas na disposición derogatoria segunda e disposición derradeira segunda do Proxecto de lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, que actualmente se está tramitando no Congreso dos Deputados.

A debida satisfacción do segundo requirimento suscita algunhas dúbidas cuxa aclaración require valorar o alcance dos incentivos fiscais previstos pola normativa tributaria española e a forma de proceder á súa aplicación práctica para que deixen de producir os efectos que conduciron á súa cualificación como axuda de Estado incompatible co dereito comunitario. Neste contexto esta dirección xeral considerou oportuno ditar esta resolución. O seu obxecto consiste en determinar os supostos en que se debe restrinxir a aplicación da dedución por actividades de exportación para que deixe de producir as distorsións no funcionamento do mercado común detectados pola Comisión Europea.

III

De acordo co artigo 37 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, a dedución por actividades de exportación procede nos seguintes termos:

«1. A realización de actividades de exportación dará dereito a practicar as seguintes deducións da cota íntegra:

a) O 25 por cento do importe dos investimentos que efectivamente se realicen na creación de sucursais ou establecementos permanentes no estranxeiro, así como na adquisición de participacións de sociedades estranxeiras ou constitución de filiais directamente relacionadas coa actividade exportadora de bens ou servizos ou a contratación de servizos turísticos en España, sempre que a participación sexa, como mínimo, do 25 por cento do capital social da filial. No período impositivo en que se alcance o 25 por cento da participación deducirase o 25 por cento do investimento total efectuado neste e nos dous períodos impositivos precedentes.

Para efectos do previsto neste punto as actividades financeiras e de seguros non se considerarán directamente relacionadas coa actividade exportadora.

b) O 25 por cento do importe satisfeito en concepto de gastos de propaganda e publicidade de proxección plurianual para lanzamento de produtos, de apertura e